



Cada un recolle o que sementa: saúde do ubre do parto ao posparto

Neste cuarto e penúltimo capítulo da serie, sobre a saúde do ubre e o manexo integral do secado, reflexionamos sobre o período de transición. A sementeira e o coidado das vacas por parte do gandeiro neste período permitiralle recoller os froitos ao longo da seguinte lactación.

Carlos Carbonell, Laura Elvira
Servizo Técnico Ruminantes MSD Animal Health

A gandería de leite e a agricultura xeran riqueza mediante unha marabillosa economía circular entre a forraxe e o leite. E na agricultura, coma nas vacas, non se pode recoller senon se atenden a sementeira e o cultivo co coidado necesario.

O período de transición comprende desde as tres semanas parto ata as tres semanas posparto. Durante esta fase prodúcese cambios nutricionais, físicos, metabólicos e inmunolóxicos nas vacas. Na medida na que o gandeiro facilite a adaptación dos seus animais a estes cambios, mediante distintas estratexias de manexo (ver esquema 1), determinará a incidencia de patoloxías, fertilidade, produción e a supervivencia das súas vacas na seguinte lactación.

No que respecta ao ubre, iníciase a costroxénese, etapa na que se produce o costro. E como explicamos en capítulos anteriores, **trátase dunha das fases de máis risco para a entrada de novas infeccións por bacterias ambientais**, xa que, ademais, os riscos físicos polo acurtamento e dilatación do canal do teto, as perdas de leite e o edema mamario, súmanse os cambios metabólicos e inmunolóxicos fundamentais para a protección fronte a enfermidades infecciosas.

Por outro lado, nas granxas existen diferentes manexos de lotes ou grupos neste curto período de tempo, desde granxas que aloxan todo o período seco nun curral único, ata as que prefiren un grupo de parto ou as que separan as múltiparas das primíparas (esquema 2, pág. seg.).

Visto así, a primeira pregunta que nos xorde é: que sistema debemos elixir?

Pois a verdade é que calquera dos sistemas pode ser válido sempre que se cumpran os requisitos do esquema 1. A elección dun ou doutro dependerá do tamaño do rabaño, a dispoñibilidade de instalacións ou a posibilidade de elaborar diferentes racións, aínda que, na nosa opinión, a razón máis importante debería ser a practicidade de manexo por parte dos gandeiros.

E no caso de dispoñer dun curral parto ten importancia o momento de cambiar a vaca de curral?


Sen ningunha dúbida, **debería evitarse o movemento de animais nos últimos**

► AOS RISCOS FÍSICOS POLO ACURTAMENTO E DILATACIÓN DO CANAL DO TETO, AS PERDAS DE LEITE E O EDEMA MAMARIO, SÚMANSE OS CAMBIOS METABÓLICOS E INMUNOLÓXICOS FUNDAMENTAIS PARA A PROTECCIÓN FRONTE A ENFERMIDADES INFECCIOSAS

Esquema 1. Principais estratexias de manexo para o éxito do período de transición



Esquema 2. Opcións de manexo e organización de lotes



10 días antes da data prevista do parto, debido aos cambios de comportamento, tanto de descanso coma alimentarios, para adaptarse a unha nova xerarquía social. As vacas que se introducen no grupo reducen o tempo no comedero os primeiros días. E aínda que comen máis rápido e máis cantidade de comida por visita ao presebe, diminúen o seu consumo total diario de materia seca. Probablemente, o confort da instalación e a facilidade de acceso ao comedero, poidan reducir en parte este impacto debido á competencia.

Ademais, as racións de preparto adoitan ser máis enerxéticas e proteicas, debido ao incremento das necesidades asociadas ao maior crecemento fetal e a costroxénese coma ao menor consumo de MS neste período. Por tanto, períodos prolongados no curral preparto poden incrementar a condición corporal e, con iso, o risco de problemas metabólicos.

Nun estudo recente, en dúas ganderías relacionouse a duración da estancia no curral de preparto coa produción de leite proxectado a 305 días e as enfermidades posparto. As dúas granxas tiñan unha ración específica de preparto con sales aniónicos. Os resultados indicaron, como se observa na gráfica 1, que a **duración máis recomendada estaría entre os 21 e 28 días de estancia**, asociándose este intervalo con maior produción na seguinte lactación e menor porcentaxe de mamites e doutras enfermidades posparto, como metrite, cetose ou hipocalcemia. Así mesmo, tamén demostrou a repercusión dos cambios

de xerarquía, en estancias curtas (de 7 días), e do risco de incremento da condición corporal, en permanencias longas (> 35 días), tanto en produción de leite como en patoloxías.

Pero, por que é tan importante o consumo de materia seca (MS) neste período?

A vaca en transición experimenta unha caída de consumo fisiolóxico, nas últimas semanas de xestación, especialmente nos últimos 10 días (gráfica 2), e nos primeiros días posparto. A isto súmase o incremento das necesidades do animal, o que provoca o famoso balance enerxético e proteico negativo, e a mobilización de graxa.

Numerosos estudos demostran que **canto maior é a caída de consumo de materia seca, maior é a incidencia de todo tipo de patoloxías na lactación temperá, entre elas inclúense tamén as relacionadas coa saúde do ubre.**


Pódese mitigar a baixada de consumo de MS?

Pois si, principalmente favorecendo un ambiente co máximo benestar, predicible

para o animal xestante, e de fácil acceso tanto para o preparto como o posparto. Para iso:


- **Proporcionar unha zona de descanso ampla, seca, profunda** e con material de cama abundante, para conseguir períodos de repouso máis prolongados evitando que a vaca perda tempo en tombarse e levantarse moitas veces.
- **Reducir a densidade de animais respecto ao espazo de cama, do mesmo xeito que de comedero e bebedeiro**, co obxecto de diminuír os problemas de competencia, especialmente nos animais de menor xerarquía (xovencas ou primíparas). De aí é polo que se recomenda:
 - Dispor, como mínimo, de 10 metros cadrados de cama por vaca
 - Maior dispoñibilidade de cubículos versus vacas
 - Relación ao 80 % de vacas versus cornadizas ►►

Gráfica 1. Asociación en 14.161 vacas múltiples entre días en curral preparto e a Lact 305 días proxectada e mamite os 30 primeiros días posparto



Fonte: Venjakob et al., 2023

Gráfica 2. Capacidade de consumo de materia seca ao final de xestación (representada sobre percentaxe de peso vivo)



Fonte: Grummer et al., 2004

Táboa 1. Clasificación e sistema de puntuación de enchido ruminal

PUNTUACIÓN 1	PUNTUACIÓN 2	PUNTUACIÓN 3	PUNTUACIÓN 4	PUNTUACIÓN 5
Flanco esquerdo afundido e con forma rectangular. Este animal leva máis de 24 horas sen comer	Flanco con forma triangular. Frecuente primeira semana posparto. Baixa inxestión de MS	Depresión leve no flanco esquerdo. Estado normal en vacas en media e pico de produción	Non se observa depresión no flanco. Estado mínimo en vaca seca e frecuente en preparto	Flanco inchado, cheo de fibra. Non se diferencia ben a transición do flanco a costelas. Ideal en vaca seca

Fonte: Adaptado de Zaaier e Noordhuizen, 2003

- **Dimensionar ben o curral** tendo en conta a estacionalidade dos partos e os días de permanencia no curral, tal e como se explicou no artigo anterior.
- **Administrar cantidade de mestura suficiente**, nun presebe limpo, con arriados frecuentes e cunha forraxe de boa calidade para evitar rexeitamentos.

Existe algún procedemento para saber se o consumo de MS é adecuado?

Pois si, principalmente dispoñemos de dous métodos. O primeiro consiste en monitorizar, xunto co seu nutrólogo, o consumo da ración de secas. Apuntando todos os días os quilos de mestura que descarga o carro, estimando a MS da mestura e as sobras do día seguinte e, finalmente, dividiremos o consumo resultante polo número de animais do curral. Así se obtén o consumo de MS, en quilogramos. Nun curral único, de xovencas ao parto e vacas secas, debería andar preto dos 12-13 quilogramos de MS.

O segundo método, máis indirecto, consiste en valorar o enchido ruminal das vacas polo menos dúas horas despois de administrar a mestura. Este

sistema, aínda que é menos exacto que o anterior, é moito máis sinxelo e é un bo indicador do consumo de MS dos animais. O grao de enchido ruminal é reflexo da composición da ración e da cantidade de materia seca inxerida pola vaca. Podemos avalialo observando, desde o lado esquerdo, a fosa ruminal das vacas, seguindo o sistema de puntuación descrito na táboa 11.

Un curral de vacas secas, con racións fibrosas e unha alta inxestión, debería ter un enchido ruminal de puntuación 5, de polo menos 9 de cada 10 animais. En cambio, no preparto, ao diminuír o consumo de MS, o obxectivo é que polo menos o 90 % das vacas teñan unha puntuación de 4 ou 5.

E preguntáste, como nun artigo de mamite non se escribiu nada relacionado co ubre, a hixiene ou o muxido?

No control da saúde de ubre e a prevención da mamite, coma en todas as enfermidades infecciosas, existe un equilibrio entre a exposición aos patóxenos e os mecanismos de defensa do animal. Por iso, ao longo deste capítulo reflexionamos sobre medidas de ma-

nexo sinxelas encamiñadas a tratar de amortecer a baixada de consumo de MS e o risco de enfermidades metabólicas propias deste período. Estes factores están interrelacionados coa diminución da eficacia do sistema inmune da vaca, e o incremento de problemas de saúde mamaria no período seco e inicio da lactación.

A modo de resumo, a clave do éxito na implementación destas estratexias de manexo na súa granxa expúxoas un gandeiro recentemente nunha presentación ao afirmar o seguinte: “**Sempre tento que o que facemos na miña granxa sexa moi simple, co obxectivo de que, ao ser moi sinxelo, o poidamos converter facilmente nunha rutina**”. Este mozo, ese día, ensinou-me que o que sabe como semear nunca teme a colleita.

Esperamos velo no último capítulo. ■

NOTA DOS AUTORES

Bibliografía a disposición de quen o solicite.

SHUTOUT®



Una nueva barrera en la protección del pezón



SELLADO POR VACACIONES

TODAS
LAS VACAS

MERECEN UN
SELLADOR

¿Listos para el cambio?
Descárgate la ficha formativa
de Secado Selectivo

Salubre
SECADO SELECTIVO



 **MSD**
Animal Health